

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

ANO XV

A Cruña, 25 Xulio 1931

Núm. 286

AO DECORREL-OS DIAS

Estamos novamente diante d'un Día de Galicia que este ano amóstrásenos revestido d'uns caracteres que até agora non tivera.

Coincide co funcionamento da Asambreira Constituinte de onde saíran a nova lei estatal e as autonomías rexionaes. Decimos saíran porque temos confianza en que ollada a realidade da vida hespañola e as demostracións feitas por casi todas as nacionalidades hispánicas no senso de conquistar agora a súa autonomía parécenos que o bon senso impoñerá nos homes que están chamados a facer a nova Constitución, e os problemas rexionaes ficarán resoltos en aras da maior eficacia para o Estado hespañol e da necesidade de non perder esta ocasión de construír unha Hespaña legal e verdadeira, fundamentada nas naturais nacionalidades que a constituíen perfectamente libres e federadas. Si así non fora non tería a República a eficacia propia do momento e defraudaría a esperanzas que n'ela teñen depositados os pobos peninsulares. Ademais de que sería de funestos resultados para a República e para a mesma Hespaña non deixar agora definitivamente arranxado este problema que é o máis importante de cantos actualmente están prantexados. Depende d'ese feito o que a Hespaña sexa o que debe ser, un Estado grande, europeo e moderno, que cumpra a súa misión histórica ou que continúe pol-os mesmos vieiros trabucados e de resultados tan desastrosos dos tempos da desaparecida monarquía centralista.

Hespaña non pode, sinon é suicidándose, desaproveitar esta hora histórica para reconstruírse debidamente, con arreglo á súa constitución natural e verdadeira. E si Hespaña seguira o camiño trabucado, Galicia que quere vivir, que arela ser libre e universalizarse, tería que ourentar a súa vida deica horizontes máis amplos salvándose do naufraxio indefectíbel do Estado Hespañol. Esta é a verdade urxente do momento actual.

Os galegos non negamos a nosa colaboración para facer unha Hespaña nova, mais si Hespaña quere perderse os galegos salvaremos a Galicia contra todo e contra todos.

=

No Día de Galicia do ano 1931, no que está ventilándose o porvir da nosa terra. A emoción que sempre sentimos no día da nosa festa nacional tén de axigantarse de xeito extraordinario pol-o decisivas que son as horas autuaes e tamén pol-a responsabilidade que os nacionalistas temos contraguído co-a Terra.

Fumos nós quenes creamos o ambiente galeguista que hoxe respírase en Galicia. Nós fomos quenes maxinamos e estructuramos unha Galicia nova e libre. Por eso agora que a nosa idea patriótica pode acadar posibilidades de feito o noso corazón brinca máis emocionado que nunca e temos ante os ollos, con toda a súa crudeza, a responsabilidade da labor realizada e da nosa actuación futura.

Días de loita, de preocupación e de traballo intenso, e poida que tamén de perigo, avencíñanse para nós.

N-este día renovamos o xuramento feito diante do altar da Nai Terra dispóndonos rexamente, patrióticamente, a chegar a onde sexa necesario para ollarmos realizado o noso pensamento plasmado n'unha Galicia libre para o que non podemos negar ningunha crás de sacrificios.

Pol-a salvación da nosa Patria xuremos hoxe cumprir cos deberes que as circunstancias nos impoñan.

Nazonalismo e Federalismo

Non podemos nin por un instante pensar en esquecer iste nome; nazonalismo. Porque a moitos pón medo e porque hoxe todos se chaman federales. Aínda aqueles que o chatan de calquer relaceon co nazonalismo desviado e imperialista de algús pobos da Europa habería que lles decir: «E logo, sería un mal pra nos, pra Hespaña, pro mundo enteiro, o que algún día a cultura galega batera as aas d'un imperialismo do espirito?... Pois outro xénero se non pode agardar do xenio moderno e pacífico dos galegos. E que se dispense o usar a verba imperialismo pol'o que podía tér de aguda proa guerreira. O caso non sorprendería a quen sinta a fonda vibración da yalma céltiga, seus virxes tesouros de espirito e aquila custante novidade que lle cría pra cada momento de crise hestórica, a sua maxinaceon creadora, o seu comercio xornaleiro ca natureza sentida como presenza d'alen mundo. Pra este estudio, cecais non aventurado da cultura galega, será condiceon unha armuña dos difrentes grupos nazonales da céltiga. E pra o sinxelo orgaismo ademini-trativo na Hespaña nova, e pra manteñer i-eisaltar a priguís e a fisis, e pra a economía, e o senso do pasado e a conquista do pôrvir, incruso pra unha conceiceón artística i-estética, se non pode pasar sin a palabra nazonalismo.

Ela soila siñifica e abranque a verdadeira realidade galega en todol-os tóns e grados e matices. Calquer outra sería cativa ou falseira, ou equivocada. Porque hoxe se chaman moitos federalistas, porque hoxe se chaman moitos autonomistas. A autonomía, pode ser unha conceseón. O federalismo pode conxugar individualidás pouco desenvoltas, pouco estasas no fondo e na supreficie das rexións. E sinon pensemos no caso da Hespaña, ou no da Francia pra non fuxir do país—do Estado—mais crásicamente unitario.

As unidás nazonales entran na federazón por dereito propio, sin discuseón, como un recoñecemento da realidade. As rexións, sinxelamente matizadas dentro d'un tipo xeneral entran por unha comenencia ademini-trativa, por a necesidade d'unha maor facilidade, ou por unha ancia de individuoalidade que nas unidás nazonales se non pode discutir. A Bretaña, ou a Vasconia, collerían por dereito propio n'un posibre federalismo francés no que o país de Orleans ou Champagne

ou a terra de Lyon serían pouco mais que circos ademini-trativos.

Igoal na Hespaña. Todos desexamos que a Extremadura ou o Aragón teñan a autonomía propugnada pol'os seus intelectoás mais siñificativos. Mail'o caso d'istas rexións se non pode medir co mesmo criterio que os de Cataluña, Vasconia ou Galiza. N'isas terras as variacións da facies xeográfica ou human non chegan a difrenzar o nó interno común a outras rexións. O dominio d'unha estaxe xeolóxica, d'unha acentoaceón, d'un estilo social non pasan de variacións d'un tema. O tema nazonal, úneco, intrasferible, eterno no vivir hestórico, da Vasconia ou da Galiza, non pode se contentare ca autonomía. ¿Cómo nos, galegos do Rexurdimento imos a discutir a verba nazonalismo?

RAMÓN OTERO PEDRAYO.



ALÉN

Alba ridente,
pol-o occidente,
unha veliña,
infrada de ár,
en col do mar
risca unha liña
tremelucete.

Por un vieiro
d'ouro brillante
voga pra avante,
soñando amor,
cara o milagro
do lumieiro
que aceso e sagro
pinta o solpor.

Avelaiña,
branca veliña,
que se encamiña
tras do seu ben.
O ocaso arde
co-a lus da tarde.
Avelaiña,
branca veliña,
¡Alem, Alem!

GONZALO LÓPEZ ABENTE

Mugía, Sant-Iago do 1931.

ABRENTE

Cinco séculos de martirio leva a nosa terra en procura da súa liberdade. Todal-as inxurias, todol-os asoballamentos, todal-as negacións firiron a súa alma inzada das mais puras saudades e de arelas imorrentes.

Ergueron a súa voz os grandes poetas. Curros, Rosalía e Pondal foron os Firteos que chamaron nas portas da nosa conciencia espartando cobizas de redención.

Baixo un réxime de liberdade «das gándaras largacias as brétemas escuras s'alongaran» como o Bardo anunciara; e no ceo da Nai Terra rachouse o negro tebron aparecendo un abrente de luz escintilante que alumea a nosa nobre bandeira azul e branca.

¡Vencerá a nosa férrea vontade! ¡Galicia será libre dentro do concerto fraterno dos pobos hispanos!

Que os deputados galegos na asamblea constituínte cumpran coas súas obrigas pra evitar d'ese xeito días cruentos. A sorte está votada, e non renunciaremos ao acadamento da nosa liberdade inda que teñamos que lle entregar a nosa vida.

O abrente e de gloria, e xa a súa luz aviva o noso amor inmortal.

M. LUGRÍS FREIRE.

Xulio do 1931.

Traxedias do mar e da terra

Sentado nun outeiro, fíto o lonxe unha cativa lus; é un faro que guía os mariñeiros pol-a noite no meio da escuridade. A lus alcesa i-apagada pasa a cotío a vida sen presenciar mais que traxedias. Vive afastada do romantismo. Pra min cando a vexo relumar, como berme na revolta do camiño, somella a facha amortaxada da Compañía. Poidera ser unha crus moi grande en cuio pe se foran gravando os nomes de cantos finaron a súa veira.

Un home ten conta de alcender o faro pra que os seus lostregos protexan a cantos afrontan a loita co mar; pero istes lostregos somentes se dexergan nas noites sin brétema, cando zoa o vento nas furnas, erguendo inormes montanas de auga, ban abaneando as flebes embarcacións pesqueiras, que percuraban mantenza pra moita terra, sostén desesperada loita no meio das tebras uns cantos homes de mans encalecidas pol-o remo e coiro curtido no sufrimento da vida. Eu bou tendendo os ollos en procura do luceiro que os guíe, e no derradeiro esforzo pra chegar a porto salvo fendese o varco nos mesmos cimentos do faro. Oucense laídos arrepiantes dos homes que teiman por ganar terra, pero o mar vai apreixando un por un, atafegandos co esquileto da morte, deixando o soplo da vida misturado coa escuma das olas.

Perto do faro, nun remanso da costa hai unhas cañiñas brancas, moi brancas, onde abundan mais os fillos que o pan. Unha nube de rapaces quedan horfos envoltos na maor miseria, pasarán fame e pedirán esmola pra vivir, andarán esfarrapados, coas encoiros,

porque súa nai ten con que mercar un sinxelo atavío...

O cabo de pouco tempo os rapaces famentos son os barudos mozos que seguindo a tradición loitan en mar aberto desafiando o vento e a tempestade, casarán, terán muller e fillos que vivirán amoreados no meio de catro paredes, conocerán mais fame que fatura e unha noite en troques de ouvir a caracola, que anuncia a chegada do barco coa prateada carga peixeira oucen, no meio do zoido do vento e da chuva que bate nas latas da fiestra, berros que parten do mar en procura do auxilio na terra. Pol-a mañán o torreiro conta as derradeiras esceas desenroladas á súa beira sin que él poidera remedialas. Novos corpos sin vida soterrados no fondo do mar, novas almas de neno quedan sin agarimo na terra, mozas da mariñería perderon o seu amor.

O faro olla tamén a traxedia da terra, a súa beira pasan grandes masas de aceiro con alleo pabellón, que atraparon no peirao feixes de xente pra levar a terras de lonxe, verdadeiros traficantes de carne humana. Galicia queda sin homes, as Américas zupan o sangue mozo de moitas xeneracións que á forza ten de buscar uns cartiños pra vencer as angueiras do fogar. Deixan muller e fillos cuidando da facenda; afastanse de todos con unha triste despedida, parten quizáis pra non volver.

Moitas veces fitamos unha moza cuios ollos mouros van cheos de vagoas porque non ten boas novas de quen tanto agarimo lle deu, e quizáis na outra banda do mar fica tumbado nun leito un pai doente,

soio, pensando en que deixa a familia na maor necesidade; foi pol-o mundo pra gañar o sustento da casa, que cando fillos pedían pan, rubían os trabucos do fisco; foi pereurando a vida e atopou a morte. Cando os compañeiros volveron do traballo era un corpo sin vida que morrera sin ter nin quen lle dera un copo de auga. Os que volven ás suas casas con aforros, a conta do traballo e de moitas privacións, tornaron a coller o legén pensando que pasaron a sua xuventude sin decatarse que foron xovens, son vellos antes de de tempo. Ita é a verdadeira, *humilde e sofrida crase traballadora*.

Xentes que morren denantes de pedir, e non teñen quen pida por eles. Homes alleos o seu sofrimen-

to dispou das suas vontades, ofrecendo o que siquera maxinaron dar, conquerindo medrar canto quixeron a conta dos humildes labregos.

Hai que erguer un faro maor, cuia lus alomee nas concencias dende o Ortegal deica o Miño; é mester que o tanguido do *Angelus* das campás da cadeiral de Compostela e da hermida do Cebreiro, acouguen tranquilamente as xentes cansas da laboura, sin que nin en sonos poidan ver o espeto que unha man ex-tranxeira quixera cravar nas nosas almas.

Hai que sentir ista traxedia, e hai que loitar deica vencela.

ANTÓN FRAGUAS FRAGUAS

No día de hoxe

Galego: Hoxe é o Día de Galicia, o día da nosa festa nacional. Hoxe tes o deber de pensar fondamente na tua terra, facer eixame de concencia e dispoñerte a contribuir co teu traballo a conquistar unha Terra dina, libre e progresiva.

Galicia vive hoxe momentos de transcendencia fonda dos que depende o seu porvir. O porvir de Galicia representa tamén o teu porque eres galego.

Tí sabes que Galicia quere ser libre, sabes que o necesita de maneira anguriosa, sabes tamén que fai tempo ven demandando esa liberdade.

A República púxonos en camiño de acadar esa liberdade sempre negada pol-a monarquía. Xa está reunida a Asambreia que fará a nova Constitución do Estado hespañol. D'esa asambreia depende tamén o futuro da nosa terra.

Temos aló homes que defenderán a nosa autonomía. Loitarán canto sexa necesario loitar, mais compre tamén que tí e todos manifestemos a nosa inquebrantabel vontade de que a República resolva o noso probrema histórico. Eles e nós cinguidos en amorosa aberta patriótica daremos a impresión d'un pobo conscente que arela liberarse e que está disposto a conquerilo.

Galego: Disponde a cumprir co teu deber. Imos a traballar agora porque a República concédanos o que temos dereito. Si non o fai pensa que virán días de revolta nos que é necesaria a tua axuda. Si o noso Estatuto é aprobado aveciñanse días de gloria para Galicia, para tí e para os teus.

Galego: Pensa n'unha Galicia grande que nos pode tragner a nosa autonomía. Traballa por ela e contribúe canto poidas para que ésa arela sexa un feito. Pensa que é agora cando o noso porvir vai ser definido e que non pode malograrse.

Nas portas do teu corazón xeneroso chama con emoción patriótica.

A Irmandade da Fala

ENCOL DO GALEGUISMO

Que o galeguismo en canto significa o desexo de que Galicia se rixa autonómicamente; governe sin noxentas intervencións os seus intreses; leve seu espírito a todas as manifestacións da súa vida, de n-estos derradeiros anos un pulo xigantesco, naide que teña unha miixa de bon senso poderá negalo.

A extensión considerable que vai tomando o emprego do noso idioma nas manifestacións culturais e políticas, é unha proba acabada do longo camiño recorrido en pouco tempo pol-o ideal galeguista. Camiño onde os entusiastas paladís da terra topamos de continuo con obstáculos de todo xeito que farían arredar a quen non levasen henchido o corazón do sagro amor á patria. Soilo unha pasión tan eisaltada e nobre cal a que ispiro e inspira a cantos *sentimos* e *pensamos* o galeguismo, pode ter forza pra facernos trunfar dos inimigos que, con armas das máis distintas crases, loitaron e loitan contra nós.

Por ese avance prodixioso da nosa doutrina, e xusto e natural que sintamos fondo regocixo. Pro é tamén natural e xusto que eoidemos con toda dilixencia de opoñernos a canto poida sere un perigo pra os ideás que veneramos con todas as forzas da nosa i-alma. Hai, ó parecer, quen pensa que o Estado Galego pode sair, armado de todas armas, das estriden-

tes manifestacións de un mitin ou do momentáneo eisaltamento de unha incoerente multitud, onde quizáis moitos dos seus compoñentes soilo buscan nos actos que realizan ou contemplan, algareira distraición.

Non: o Estado Galego n-é cousa que poida improvisarse. Non abonda proclamarlo dende os balcós de un goberno civil ou de un concello (aunque a proclamación vaia afianzada pol-o erguemento da nosa bandeira) pra que quede eisistente e vivo. E n-hay que esquencerse de que unha creación prematura sería fatal á vida da organización política galega, como o é a calquer organismo nacer denantes de reunir as precisas condicións de viabilidade.

Nin precipitacións, nin desalentos. Camiño adiante, loitando sin tregua, non arredándonos na nosa propaganda porontos que sexan os muros que se nos opoñan e que irán caíndo ó conxuro da verdade e da xusticia; empregando na loita as armas máis doadas según aconsellen a ocasión e as comenencias; sin cezar un instante; cheos de fe e de esperanza, chegaremos sin dúbida e non tarde, á consecución completa dos nosos anceios.

SALVADOR CABEZA DE LEÓN

Compostela, mes de Sant Iago do 1931.

Por Galicia e pol-a Humanidade

Mintindo unha uniformidade co resto da Hespaña, Galicia, no seu espírito, constituíu de cote unha verdadeira nazonalidade, como está na concencia de todos aqueles, propios e extraños, que coñezan ao dereito a nosa Historia.

Todas aqueias condicións que uniron a out: os povos peninsulares, enxoitos e soalleiros do abrente, foron alleas á nosa Terra, cuio desenrolo, ao pasar dos tempos foi eminentemente ceive, si ollamos para o fondo da alma gallega.

Porén, houbo unha tristeira tempada, na que somellaba que o espírito de Galicia ficaba hipotecado a Castela. Abafaba, entón, a Terra, aquel ar de rescendo foraño e esteparío, que nos agrilloaba e nos arredaba das nosas liberdades. Xurdiron axiña, endebén, os chamados precursores, que, iniciando unha xeira de sentimentalismo propiamente galeguista, fixeron que se derrubara aquela preguiza, impropia d'unha raza celta, rexa e baruda, aquela do Medulio, a mesma dos movementos populares do século XV, e, en

fin, a dos homes dos modernos tempos, que cheos de santa rebeldía, degoran para a súa patria a soberanía e dignidade pol-os que latexan os peitos de todol-os galegos bós e xenerosos.

Arastora, son os instantes cumes, que deixarán inmorrente citra que lembrarán os tempos vindoiros. E sentímonos fondamente optimistas, porque dando a esquencimento isoladas lixaduras, eoidamos que este noso chan cumprirá, como decote, co que lle trechou o Destino, mais para o futuro que para o presente.

O ano 1931, xa meiado, somella iniciar un vieiro ledo e ridente para a Terra, e ao chegarmos a este día de Galicia, fagamos votos para que o noso optimismo medre ate ollar realidades vizosas, que acaden para ben noso e da Humanidade o afianzamento d'unpersoalidade que debe á Natureza os mais envexosos dons que por allur ela poida espallar.

S. M.

Sant Iago do 1931.

PRO PORVIR

Imos supor por un instante que Galicia conquiereu xa a súa autonomía. Imos supor que n-unha cidade da nosa terra funciona normalmente a asamblea autónoma e que esta asamblea certou a estruturar sabiamente a nosa administración local, a fomentar a nosa economía, a descubrir fontes de riqueza e a erguer e a millorar o nivel medio da vida dos galegos. E indudabele que n-este caso Galicia tería adiantado moito no camiño da súa prosperidade material mais non é menos indudabele que se paralelamente non se desenrolaba un renacemento espíritoal, se Galicia non ía reconquerido a súa alma peculiar, se non ía afirmado a súa cobiza diferencial, nin a autonomía otorgada, nin os acertos técnicos e administrativos terían servido pra cousa ningunha.

O esencial pra nos, galeguistas de sempre, non é crear unha Galicia rica e ben gobernada, o esencial é crear unha Galicia. A prosperidade material a recititude nos rexidores e a satisfacción dos rexidos son pra nos portas, procedimientos, meios de chegar a un fin mais alto.

No momento actual a nosa terra é un país colonizado totalmente, invadido totalmente por ideas e por costumes alleiras, ca lingua peculiar desprazada dos círculos altos da sociedade, e-unha literatura mal coñecida e mal estimada, e-un absoluto desprezo cara o seu e e-unha estima inxusta e-estúpida do forasteiro.

A autonomía ten que servirnos pra arrincar a frouma parásita que encobre o noso verdadeiro rostro, ten que servirnos pra espertar o noso pensamento autóctono, ten que servirnos pra reanudar a nosa tradición cultural interrumpida.

A autonomía non temos que mirala como un fin se non coma un instrumento. Se ela chega á conquistarse, e quizais sexa arriscado o ser demasiado optimista, n-este particular, emprincipiará pra nós, galeguistas, a parte mais difícil da nosa laboría e do noso traballo. A de conseguir que os galegos se den conta de que son galegos de que constituen un pobo e de que teñen que comportarse coma membros de un pobo.

FLORENTINO LOPEZ CUEVILLAS

NO DIA DE GALICIA

UN ANO BÓ

Unha cuartilla: sinxelamente unha cuartilla. A festa e grande e o tempo pouco pra ser por a tondo-ela. Coido que dixen tal día como xxe, que n-esta data todol-os bos galegos tiñamos a obriga de faguer eisamen de conciencia. Si non-o dixen, debín de decilo; pol-o menos penseino. Ben. Eu xa fixen o meu e tópomelo satisfeito. Paxen pol-a liberación da Terra —a nosa Terra— todo o que da miña parte estaba e inda mais. Fun unha pequena oreá na laboura galeguista e galeguizante.

Galiza inda se non liberou; pro, si o esforzo non se perde, a cousa está perta. Pol-o menos conquiereuse unha cousa: que Galicia espertase. Unha proba d'isto témol-a na discusión do Estatuto, no xeito de manifestarse os pobos—d'un xeito rotundo Ourense—na cuestión do ferrocarril Zamora-Cruña, e mais nas eleccións pras Constituintes. Di elas poidemos adprender dúas cousas: que a cidade arela a personalidade galega; que o agro e unha cousa, sinxelamente unha cousa, si non morto, durmida. Na cidade nótase que

veu a República: que non hay amo. Pro agro nin veu a República nin desapareceu o amo.

N'Ourense, por eixemplo, na capital, a candidatura nazonalista tirou todol-os postos, ocupando os primeiros lugares. No resto da provincia se non moveu —salvo pequenas escepciós— o corpo electoral. Botaron hastra os mortos. E entre os mortos e os vivos déronlle a aita a Calvo Sotelo e a outros que cidade lles negara Trunfo Otero Pedrayo, d'un xeito rotundo, e *gracias*, como decía un dos novos presuntos virreyes.

Mais isto—que son amaños—non os pode preocupar ós galegos de sempre: os da loita. Como onte, como sempre, voltemos, a xurar n-este día, pol-a liberación da Terra. Vaise a discutir ou estarase discutindo xa cando istas liñas saian o porvir de Galiza. Todol-os bós galegos temos a obriga de estar en pé dispostos a todo e pra todo, pol-a República federal e por Galiza.

LEUTER G. SALGADO

DO MOMENTO

Fálase moito de que as pasadas eleccións non tiveron en Galicia toda a legalidade que deberan ter. Non podo negar semellante realidade. Mais compre decir tamén que foi un mal menor pois non podía agardarse outra cousa aos tres meses de desaparecida a monarquía, Pouco tempo son tres meses para que o pobo galego poidera ollarse xa ceibe da opresión caciquil. Carentes os nosos homes do agro do necesario senso civil e cidadán sería un perigo deixal-os a mercede dos vellos políticos que novamente usurparían a representación parlamentaria de Galicia.

E non podía tolerarse en momentos tan decisivos dos que depende o porvir da nosa terra.

Non quero entrar en detalle na cuestión. O resultado foi que o Palramento constituinte vai en gran parte unha auténtica representación de Galicia que defenderá o noso Estatuto autonómico. Me non importa nada o que sucedeu para chegar a ese fin. Certo é tamén que van a Madri algúns que non deberían ir e ficaron sin aita moitos que era necesario que agora falaran por Galicia. Todo elo son as impurezas da realidade.

De todos xeitos Galicia deixará ouvirse por boca de cinco nacionalistas e algúns mais que defenderán tamén a nosa autonomía. Isto é primeira vegada que sucede e temos de sentirnos satisfeitos.

As circunstancias políticas do momento, o non ter realizado o goberno dende arriba unha enérxica limpeza política residenciando aos mandarinos da política rural e caciquil, e a provisionalidade en que vivimos, demandaron impurezas e ilegalidades. Non as defendo pero sinceramente as disculpo.

Mais no sucesivo compre trocar de procedimentos. A República téñ a obriga de facernos esquecer os ignominiosos tempos da monarquía.



O mais urxente pra nós agora é acadar a autonomía. Estamos chegando ao final da actuación política que os nacionalistas tivemos que realizar n'estes derradeiros tempos. Imprantada a República e feitas as eleccións constituintes agora agardemos pol-os resultados.

Si se nos nega a nosa liberdade xa sabemos a actuación que los agarda. Contra a República e contra España. Si conquerimos a autonomía, a poñerse ardentemente a construír a nova Galicia democrática, socialmente avanzada, culta e próspera. Un pobo europeo que poida equipararse ao cabo dos anos cos pobos que de características semellantes ao noso van á cabeza da civilización.



De todos xeitos hai que se poñer urxentemente en contaito co agro. Tanto para a loita si é necesario

como para a construción da Galicia do porvir. Hai que libertar ao labrego da escravitude económica, política e social en que vive. Xa que no agro está a verdadeira Galicia a ela temos de ir.




Si conquerimos a autonomía o nacionalismo debe significar a extrema esquerda en todol-os ordens da vida galega. Inmediatamente que se conquira temos que nos reunir e confeccionar un programa radical en todol-os sentidos.

Si non todos estiveramos d'acordo, compre a división en dos bandos. Un d'eles de esquerda avanzada. Hai que camiñar pra diante e trager a Galicia axeitando as súas realidades e características as correntes modernas que hoxe privan no mundo. Sin prexuícios nin preocupacións anticuadas.

Temos que aspirar a que Galicia pónase no orde cultural, social e político á cabeza das demais nacionalidades ibéricas.

VICTOR CASAS



Na República

Dende o ano pasado cambiou moito a fasquía dos problemas galegos. Estabamos coa monarquía; hoje estamos coa república. Agora os nosos anxeios teñen un cauce mais doado; n-el teñen que sobrevivir as solucións necesarias. Autonomía ou nada; é decir, o mesmo que antes, o *statu quo*. Ou ben, si non se quere dar o pouco, o que é debido, exigir o moito; é decir, a independencia. E logo que os separadores non nos chamen separatistas.

Galicia, pol-o que se vé, está condenada a seguir loitando contra o caciquismo, vello ou novo: vello enjertado de novas guías. E os que decían defendel-a non fan nada. As prebendas están de cara aos que parecían rebeldes. O mais noxento caciquismo priva na república como no vello réxime. E por enriba, os conqueriron un posto oficial volveronse loucos. E as actas de deputados leváronnas de mala maneira, os que non son nin os mais nin os melloros.

ROBERTO BLANCO TORRES

Ouvindo o noso Hino

E noite de luar na verdecente costa galega. A levián bris mariñeira ao gobernar as ponlas dos rumorosos pinos, dos lanzaes «foguetes verdes», (como lles chamou Amado Carballo, fror que murchou a xiada da morte) fai marmular as linguas afiadas como agullas do seu arpado arume. Os pinos falan, entabran a súa conversa ao trasparente raio de prácido luar, o poeta que entende a fala dos pinos, traduce a súa lería o noso linguaxe.

¿Qué din os rumorosos?

Din que o pobo galego, secularmente asoballado e aldraxado por todos os que ata agora o gobernaron, pol-a fachenda dos habitantes da meseta e aínda por moitos desleigados fillos, non pode dar a esquecemento as inxurias de que ten sido vítima. Dinlle á Galiza que desperte do seu sono en que está mergullada, sono de morte xa que del se aproveitan os seus verdugos,

Mais non todos entenden a voz dos pinos. Enténdena os *bós e xenerosos*; enténdena os que, identificados coa terra Nai, sô teñen agarimo e amor para as cousas d'ela, enténdena os que sinten os seus problemas e arelan resolvelos farobramente. enténdena os que pensan e falan en galego e queren que Galiza sexa ela mesma, independente ou autónoma, unida as outras nazonalidades da Península por lazos de amor fraternal, non xuncida como agora a elas pol-o xugo do centralismo; enténdena os que non desprezan ao aldeán, enxebre e sinxelo representante da nosa baril raza, e queren que, sin perdel-a súa enxebreza, vexa trocada a súa triste situazón actual por outra de prosperidade, independencia e cultura. Non-a entenden (e aínda hai moitos malfadadamente) os parásitos caciques que apoiados no inícuo réxime centralista andan de cote a zugar o sangue do pobo; non-a entenden os homes púbricos que pródiga ten dado Galiza aos gobernos de Madríd; non-a entenden os cursis *señoritos* das vilas que coidan que sentir cousas da terra e falar en galego é ordinario; non-a entenden, n'unha verba, os que o poeta chama iñorantes, féridos, duros, imbéciles e oscuros, ou sexa precisamente toda esa fauna de caciques, oligarcas señoritos, etc.

Mais non por eso nos deixaremos abater pol-o mouro pesimismo. ¡Nunca! Os tempos

son chegados (di o poeta interpretando a fala dos rumorosos). Os tempos chegados en que as profecias dos bardos céltigos terán de cumprirse. A maina bris mariñeira, tímido marmular d'un pobo asoballado, trócase en forte vento, que, abaneando feramente as ponlas dos pinos, pregoa xigante por onde quer a boa nova da redenzón do fogar de Breogán, o noso barudo abó, e que, valente berro de chamada despertará a conciencia de todol os bós galegos que, coma un sô home, irán a loita para conquistar o trunfo da Santa Causa da nosa Redenzón.

F. M. D. G.



Festa en San-lago

Nas torres da Catedral
xoga a lúa a pita cega
coas rioladas de xente
que dende a Praza lle acenan

Andan bailando no aire
os foguetes da festa
peneirando a fariña albariña
das luces bermelias

O Obradoiro emborrachouse
dun barroquismo de pedra
e o fogueteiro visteulle
un refaixo remendado
con longos fios de estrelas

Por diante do Hospital
un fauno rube de presa
pra bicar a luxuriante
redondez da Berenguela

XOSE M. CABADA VAZQUEZ

Compostela VII-931.

Nos roteiros da esquerda galeguista

De todos os autos fins que se propon a Esquerda Galeguista, non hai un que me impresioe e me comova mais que aquele en que se amosstra a rexa vontade de loitar sen acougos pol-a independencia da nosa cultura.

Non me refiro a longos ontes históricos nos cuas sendo certo que moito lle debémos á cultura castelá, é mais certo ainda que a cultura castelá nos debe mais a nós; refírome a vida mental dos pobos hispánicos despois da grande guerra, e neste senso non dudo en asinalar que a nova Galiza, non lle debe ren á Castela enlamada dos señoritos chirles; dos pseudo-filósofos, e dos coitadiños escritores que pra vivir teñen de fuxir á literatura de escándalos e pornografía.

O feito é que Galiza ten de independizarse culturalmente faguendo o seu propio vieiro: galeguizándose e mais europeizándose. Estamos sempre na mesma.

Impóseros a obriga sagra de afundirnos na terra nai, misturándonos en cada unha das áreas do noso chan, e bebendo nosas ideas nas propias fontes patrias. Logo, pra custion formal, pro xeito da técnica, pra coridos de procedimento, procurando patrós nas novas escolas europeas—efeitivamente universás—onde topamos fitos irmans remexendo pol-os camiños célticos, oxe os mais limpos do pensamento contemporáneo.

Maxinai nesto, rapaces irmans. Independizai o noso pensamento; desligádeo de Madri noxento que perca dez anos pra parir un bó libro. Faguei nosa cultura. Un libro galego val mais que unha mancomunida. Vencei co pensamento. que a vitoria das armas ten de vir por sí,

ALVARO DE LAS CASAS

Folión de Sant Iago

Na ponla d'un buxe
canta un reiseñor
(a ponla é o punteiro,
o paxaro o fol)

Pol-o heliógrafo do rio
pide o ceo a terra estrelas
e pol-a estrada da bris
enviallas con urxencia.
(Todas van aturuxando
pois fan o viaxe ledas)

Nos encerados da noite,
liñas curvas, moitas liñas
no ceo do folián
dan crase de xeometría,
zorrégalle labazadas
que cheiran a dinamita,
o mestre, que ten mal xenio
ao estudante que asubía.

O garnidor fogueteiro
garne con rosas de fogo
o escuro raso do ceo.

Mozos que estoupan atruxos,
pernas que firen o chan,
e poeira de saiaios
que lle da queixas ao ár.

(No outo, tamén a lua
sai a ruar coas estrelas,
anda de troula e trasnoita,
mais o sol virá por ela
a levala para o leito
collediña d'unha orella)

FLORENCIO M. DELGADO GURRIARAN

PIÑEIRAL

Oh mesto piñeiral, redondo!
Círculo de piñeiro.
Piñeiros apretados
en feixe estreito.
Como os cabalos nas estepas de Asia
ceibes de espora e freno,
xenios da soidade,
cuios lomos espidos
non soportan o peso do xinete,
cuio arbitrio de roitas
non tiranizan rendas;
como eles—lóstregos cuadrúpedos—
como eles—ventos rinchantes—
xuntan as frontes pra se defender
dos lobos, eisi vos
fillos lanzás de gracia,
verdegados castelos vexetales,
torres elásticas,
cinguídevos
en ciclo de irmandade
ca vosa fortaleza,
feita de unión e flexibilidade,
pra resistir o rexo embate
dos lubricáns do vento
que pasan oubeando
entre os vosos cabelos
onde cantan os niños
e a fervenza da neve fai relanzo.

R. CARBALLO CALERO

Os nosos Diputados

Na loita electoral para deputados constituintes o nacionalismo galego acadou aitas nas provincias galegas.

Pol-a Coruña: Antón Villar Ponte e Ramón Suárez Picallo. Por Ourense: Ramón Otero Pedrayo. Por Lugo: Luis Peña Novo, e por Pontevedra: Alfonso Castelao.

O nacionalismo galego non pode ocultar a súa satisfacción por este triunfo que representa feito ledicioso de que por fin Galicia terá unha dina e propia representación nas Cortes hespañolas.

Siñifica tamén que o pobo galego elevou os ollos aos homes do nacionalismo e contérrulles unha representación confiando en que os nosos homes son unha garantía absoluta para a defensa do preito galego que se prantexara no Palramento que fará a nova Constitución do Estado.

Esta ringleira de homes nosos podería aínda ser aumentado cos nomes de Vicente Risco, Paz Andrade e Cabanillas si a lista electoral fose realizada de xeito mais legal. Mais os votos que conquistaron os nosos irmáns son mostra elocuente de que contan con miles de cidadáns galegos que comulgan co noso credo.

Os cinco irmáns que tomarán parte nas deliberacións da Asamblea defenderán con todo calor chegando a onde sexa necesario chegar a autonomía de Galicia, a República federal e unha Constitución de amplo senso esquerdista e dina do momento actual.

Galicia pode confiar como nós confiamos, na autuación patriótica que realizarán os nosos irmáns. El pode contar que si por calquer circunstancia non lles fose posible acadar a autonomía voltarían axiña a Galicia a lle decir valentemente ao pobo galego as causas que determinaran ese feito para pñorse ás súas ordes dispoñerse a conquistar pol-a forza o que cordialmente non se nos quixera conceder.

Agardemos a ver como se producen os feitos. Si os nosos deputados non conquiren da Hespaña o reconecemento dos dereitos de Galicia podemos decir que ninguén podería conqueril-o e diremos tamén que Galicia xa non pode entenderse con Hespaña.

O nacionalismo galego agarda tranquiío pero disposto a todo, a que remate o prazo concedido até o resultado da autuación parlamentaria. D'ese resultado depende a nosa autuación no porvir.

Sirvan estas nosas verbas de alento, que non é necesario, aos nosos irmáns nos que depositamos toda a nosa confianza, e saben eles que detrás de si hai un pobo que arela ollar en feitos o aneio da súa liberdade.

E queremos rematar facendo un chamamento aos demais deputados galegos para que se sumen ao grupo nacionalista en defensa da liberación da nosa terra. Están n'ese deber si dinamente queren chamarse representantes de Galicia.

Lembranza

"A NOSA TERRA", como todo-os anos, lembra hoxe o aniversario da morte de Rosalia, a nosa santiña, e de Xohan Viqueira, o filósofo do nacionalismo galego.

Hoxe mais que nunca que Galicia vai camiño de acadar a súa liberdade as figuras esgrevias de Rosalia e Viqueira xurden potentes na súa lembranza

aureoladas pol-o triunfo proisimo da santa idea que defenderon e de que nos somos fideles proseguidores.

Rogamos a todo-os irmáns unha recordación para Rosalia que cantou o ideal da redención e para Viqueira que o definiu en verbos e escritos inmorrediros.



AGUAS DE
MONDARIZ
FUENTES DE GANDARAY Y TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todas
Boticas, Droguerías
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurants e
vagos camas de
tódol-os três.

*As mais indicadas en casos de ar-
tritismo, desnutrizón, diabetes, obesi-
dades diversas, doenzas do aparello
dixestivo, anemia e neurastenia.*

*Riquisma auga de mesa gaseada
naturalmente.*

*Mondariz-Balneario
a 35 kilómetros de Vigo.*

A NOSA TERRA

PRECIOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un año 6 pesetas.
América, un ano 8 pesetas. (Pagos adiantados)

REDAICIÓN E ADEMINISTRACIÓN

Rúa Real, 36. 1.º A Cruña

Peluquería La Modernista

PROPIETARIO

Manuel Acea Suárez

Peluqueiro dos teatros Rosalía Castro e Linares Rivas, da Escola Dramática Galega e de todol-os cadros de decramación da Cruña. Especialidade en pelucas, afeites, crepés e compretas caraterizacións para Teatro.

Para toda crás de traballos de peluquería dirixirse a

SAN ANDRÉS, 94, 1.º A CRUÑA

FRANQUEO CONCERTADO

Sr. _____

Imprenta de M. Villuendas. - Betanzos

Cincke Hermanos

LIBRERÍA - PAPELERÍA - IMPRENTA

CANTÓN GRANDE, 21 - ESTRELLA, 37
A CRUÑA

FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)

A CRUÑA

Ferretería, Quincalla, Muebles, Máquinas, Pedras Francesas para muiños etc. etc.

Banco Pastor

Antes Sobrinos de José Pastor

Casa fundada en 1776

Capital suscrito . . . Ptas, 17.000.000
Id. desembolsado . . . » 11.000.000
Fondo de Reserva . . . » 6.000.000

Casa Central: NA CRUÑA

SUCURSALES

Vigo, Lugo, Viveiro Ferrol, Sarria, Monforte, A Estrada, Tuy, Melide, Muxía, Carballo, Mondoñedo, Pontedeume, Villalba, Ribadeo, Ortigueira, Carballino, Padron, Povoas do Caramiñal, Rivadavia, Noia, Barco de Valdeorras, Verín, Rúa Petín, Vimianzo, Pontareas, Chantada, Orense, Cedeira e Ordenes

CONTAS CORRENTES CON LIBRETAS

Abonando os seguintes intreses:

A vista	2	1/2	%	anual
A tres meses	3		%	"
A seis meses	3	1/2	%	"
A un ano	4		%	"

CAIXA D'AFORROS

Abonando intreses ó 3 1/2 % anual

CONTA CORRENTES EN MOEDA EXTRANXEIRA

Intreses a convir

Venta de xiros sobre todo o mundo, especialmente América

PAULINO FREIRE

BOUZAS - VIGO

Sucursales: na Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa. Aparellos armados e en panos para barcos pesqueiros. Malletas de abaca e cáñamo alquitranado. Cables de aceiros, ingleses. Aceites xenerás e vexetaes, e surtido completo para maquinaria e pesca.

Santa Lucía, 26 e 29

A CRUÑA

A superioridade dos

CALZADOS SENRA

Abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais o procedere d'unha industria galega,

HONRA DA NOSA REXION

obriga a non gastar outros a cantos sinten amor pola sua Terra.

FÁBRICA, AVENIDA DA GRANXA. - A CRUÑA

DESPACHOS:

Cantón Grande, 15, A CRUÑA

Real, 110, FERROL

Príncipe, 9, VIGO

GRANDES ALMACENES DE TECIDOS

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIONS

Inmenso surtido en panos da rexión e estranxeiros. Confecciónase toda crás de prendas para mulleres, homes e nenos.

San Andrés, 41 e 43 - Teléfono 256 - A CRUÑA